- 7646 12.05.2021 JUAN FRANCISCO RIAL ARES, cubierta teja árabe, situado en rúa Sidreiras, 7, Ribeira.



**11.- ACORDO DE CONFORMIDADE PROXECTO DE EXECUCIÓN (LICENZA DE OBRA Nº 71/15)
-MARÍA TERESA MACEIRAS PÉREZ**

Visto o escrito presentado por **María Teresa Maceiras Pérez**, de data 28/01/2021 (Rexistro de entrada nº 1.210), no que achega Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de decembro de 2020 redactado polo Sr. Miguel José Pastor Fontao, para engadir a expediente de licenza de obras nº 71/15.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, con sinatura dixital o día 5 de maio de 2021, e no informe xurídico con proposta de resolución do Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 20/05/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 75/15 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de agosto de 2015 a Sra. M^a Teresa Maceiras Pérez, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de decembro de 2020 redactado polo Sr. Miguel José Pastor Fontao:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra e de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO:-NOTIFICAR o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- CERTIFICACION DE NON INFRACCION URBANISTICA -Palmeira-Ana Vázquez Vázquez

Visto o escrito presentado por **Ana Vázquez Vázquez**, de data 14/05/2021 (Rexistro de entrada nº 7.749), no que solicita certificación urbanística sobre edificación existente sita no Lugar de A Lomba, Palmeira, Ribeira, con refª catastral nº 00409400NH01C000704.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/05/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita no Lugar de A Lomba, Palmeira, Ribeira, con refª catastral nº 00409400NH01C000704.

13.- CERTIFICACIÓN DE NON INFRACCION URBANISTICA -Corrubedo- Ana Vázquez Vázquez

Visto o escrito presentado por **Ana Vázquez Vázquez**, de data 25/05/2021 (Rexistro de entrada nº 8.315), no que solicita certificación urbanística sobre edificación existente sita no Lugar de Campo da Agra Corrubedo, Ribeira, con refª catastral nº 3735801MH9133N0058DD.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/05/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita no Lugar de Campo da Agra, Corrubedo, Ribeira, con refª catastral nº 3735801MH9133N0058DD

14.- CERTIFICACION URBANISTICA -Corrubedo-Gloria García Lorca de los Ríos

Visto o escrito presentado por **Gloria García Lorca de los Ríos**, de data 13/05/2021 (Registro de entrada nº 7.665), no que solicita certificación urbanística sobre finca sita no Lugar de Ladeira, Corrubedo, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 25/05/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acuerdo con el PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto que están clasificadas como **SUELO RUSTICO de PROTECCIÓN de ESPACIOS NATURALES**, con las siguientes determinaciones:

Que las parcelas objeto de informe están clasificadas como:

Suelo Rústico de protección Espacios Naturales (Art. 124).

Artículo 124: Norma de protección de espacios naturales. S.R.P.N. 1.1.

Definición de la norma zonal S.R.P.N. 1.1

Esta ordenanza comprende aquellos terrenos que por su valor ambiental, ecológico, biológico, botánico, paisajístico científicos, educativos o recreativos deben preservarse para su protección y mejora.

Ámbito:

La Zona de Servidumbre de Costas, delimitación específica establecida en los planos correspondientes de ordenación y delimitación propuesta en la Orden de 7 de junio de 2001 de la Consellería de Medio Ambiente y las islas de Ceboleiros, Carreiro, Rúa, Salvora, Novo, Herbosa y Vionta.

Obras admisibles:

Únicamente se permitirá, la restauración y rehabilitación de aquellas construcciones existentes y las de nueva planta, de carácter desmontable, que en ambos casos sirvan para garantizar la protección y la utilización racional del área a proteger, como son las instalaciones de control de acceso al área y los servicios de mantenimiento de la misma.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos:

En las zonas de las dunas de Corrubedo serán los que figuran en el "Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del Parque del Complejo Dunar de Corrubedo y Lagunas de Carregal y Vixán".



En el resto de espacios protegidos por esta norma no se autorizará la construcción de ninguna clase de edificación, permitiéndose la explotación racional de los recursos vinculados al medio que no atenten contra los valores esenciales que se protegen.

Expresamente se prohíben las siguientes actuaciones:

Cortes del arbolado existente.

Destrucción de elementos naturales, geológicos, acuíferos, vegetales, o elementos que supongan una variación del equilibrio natural del ecosistema.

Modificación de cauces o torrenteras.

Vertido de residuos sólidos o líquidos.

El vallado o cierre de fincas que supusieran inconveniente para el normal desarrollo de especies animales autóctonas, permitiéndose únicamente aquellos cerramientos realizados con las técnicas y materiales tradicionales (cachotería en seco) y previo estudio y justificación de su adecuación.

La apertura de nuevos caminos. La mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Se resolverán las áreas de aparcamiento para visitantes que eviten la invasión de las zonas protegidas

Tipologías edificatorias:

Solamente se autorizarán aquellas construcciones de carácter temporal y desmontable o módulos prefabricados que garanticen la no alteración del medio.

Además de estar afectada por la servidumbre de Costas

15.- CERTIFICACION TERREO RÚSTICO -Carreira-María del Pilar Sampedro Dios

Visto o escrito presentado por **María del Pilar Sampedro Dios**, de data 10/05/2021 (Registro de entrada nº 7.350), no que solicita certificación urbanística sobre finca sita en Carreira, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 27/05/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo co PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado en sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro de 2002. Ao obxecto de ver a viabilidade do solicitado e axustarse á normativa sinalada, e á Lei do Solo 2/2016, a Disposición Transitoria Primeira, e ademáis para este caso concreto, no que se sinala unha finca de Polígono 3 e número de finca 138 de referencia Catastral 15078A003001380000KA está clasificada como **SOLO RÚSTICO**.

16.- CERTIFICACIÓN TITULARIDADE DE CAMIÑO -Palmeira-Felipe Alonso Pampin

Visto o escrito presentado por **Felipe Alonso Pampín**, de data 21/05/2021 (Registro de entrada nº 8.147), no que solicita certificación urbanística sobre titularidade de camiño situado en Rúa Rego do Areal, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 28/05/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



REFERENCIA CATASTRAL DO CAMIÑO: 15074A035090090000KP

SITUACIÓN: Rúa Rego do Areal (Palmeira)

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, o camiño figura inventariado como **camiño público** co número 339.

17.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a SARA CASTRO GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE IGNACIO GONZÁLEZ MONTES S.L., POLOS DANOS EN VEHÍCULO AO BATER CONTRA UNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2020 RESP000017.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a Sara Castro Gómez** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes e

FEITOS

Primeiro.- O día 30 de xullo de 2020, don Juan José González Portela, con DNI número 52459325M, circulaba no vehículo propiedade da entidade “IGNACIO GONZÁLEZ MONTES S.L.”, marca Porsche, modelo Panamera 4, matrícula 4502 LBR, polo lugar do Vilar, parroquia de Carreira, cando, na estrada de acceso á praia do Vilar, despois dunha curva, bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou danos nas rodas esquerdas do automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 27/10/2020 co número 14.131, D^a Sara Castro Gómez, en nome e representación da entidade “IGNACIO GONZÁLEZ MONTES S.L.”, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 650,21 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan dende a data do sinistro.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: escritura de apoderamento procesual, autorizada na data 23/10/2020, ante a Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 911 do seu protocolo; copia do permiso de circulación e copia da tarxeta da ITV ; copia do Atestado 39/2020, elaborado pola Policía Local do Concello de Ribeira por mor do accidente; e factura de reparación dos danos emitida por “Neumáticos Tino”.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: Atestado 39/2020 emitido pola Policía Local; informe emitido na data 23/02/2021 pola Policía local; certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico na data 24/02/2021; e informe emitido na data 24/03/2021 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 06/04/2021 co número 5053.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 19/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.



O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, a sociedade “IGNACIO GONZÁLEZ MONTES, S.A.” é titular, á data do sinistro, do vehículo matrícula 4502LBR**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Actúa representada por D^a Sara Castro Gómez, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de apoderamento procesual autorizada na data 23/10/2020 pola Notario de Ribeira D^a M^a Covadonga Vázquez López, con número 911 de protocolo.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación dos danos que o reclamante achega coa súa reclamación, e como consta no Atestado emitido pola Policía local do Concello de Ribeira, que dispón: *“POSICIÓN FINAL Y DAÑOS EN EL VEHÍCULO: (...) El vehículo “A” se encontraba situado en el margen derecho de la vía (...) y presentaba daños en las ruedas delantera y trasera del lado izquierdo apreciándose: - Rueda delantera izquierda presenta daños en neumático con hernia en el flanco lateral exterior (neumático Marca Pirelli PZERO 275/35ZR21). – Rueda trasera izquierda presenta daños en neumático con perforación por corte de la banda en el flanco lateral exterior (neumático Marca Pirelli PZERO 315/30ZR21)”*.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario**. Así, a estes efectos, a Policía Local no Atestado nº 39/2020 realizado na data do accidente dispón que: *“DILIGENCIA DE DESCRIPCIÓN DE LOS HECHOS: En Riveira y en las dependencias de la Policía Local, mediante la presente diligencia los policías actuantes componentes de la dotación policial con distintivo “Delta UNO”, (...), ponen en conocimiento lo siguiente: Que siendo las 10:00 horas del día 30/07/2020, fuimos requeridos a través de la Sala Operativa de la Policía*



Local, comunicándonos que en el lugar do Vilar Carreira, en la carretera de acceso a playa del mismo nombre, se había producido un accidente de circulación en el que un turismo había resultado con daños materiales en las ruedas por caída en un bache existente en esa calzada (...). **Personados en el lugar momentos después de haberse producido el mismo, pudimos comprobar la existencia del accidente** y conocer que el vehículo implicado era un turismo marca Porsche matrícula 4502LBR (...). También pudimos comprobar a nuestra llegada que en el lugar se encontraba una dotación de obreros pertenecientes al Concello de Ribeira, que en ese momento estaban procediendo a reparar el bacheado en esa pista o camino. (...) DESCRIPCIÓN DE LA VÍA, SEÑALIZACIÓN EXISTENTE Y FIRME DE LA CALZADA. (...) El firme o superficie de la calzada es de asfalto, **presentando bache en forma de socavón central en la calzada en un tramo de curva a la derecha**, así como deterioro del piso en algunas zonas del borde de la plataforma asfaltada (...). DILIGENCIA DE CAUSA PROBABLE DEL ACCIDENTE: Es parecer de los policías actuantes fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada, manifestaciones del conductor y posición final del vehículo que el accidente se produjo debido a que cuando el conductor del vehículo "A" matrícula 4502LBR circulaba por la carretera de acceso a la playa del Vilar en dirección salida a la carretera DP7302, al llegar a una zona de tramo en curva a la derecha no se percata de la existencia de un bache que se había formado en la calzada cayendo en el socavón, para seguir circulando unos 30 mts y detener su marcha al causar el impacto daños en dos ruedas del lado izquierdo del vehículo, produciéndose así el accidente. **Siendo la causa determinante el estado de conservación de la vía con la existencia de un bache en el centro de la calzada en forma de socavón sin señalar**, correspondiendo al titular de la vía la responsabilidad del mantenimiento de la misma en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación, y de la instalación y conservación en ella de las adecuadas señales y marcas viales. Artículo 57 Ley sobre Tráfico y Seguridad Vial. Correspondiendo en este caso la responsabilidad por ser titular de la vía el Ayuntamiento de Sta. Eugenia de Ribeira (A Coruña); si bien pudo haber influido las condiciones de visibilidad para el conductor, por el desnivel en cuesta y trazado en curva con circunstancias de sol bajo a esa hora que disminuye la visión para la conducción en ese tramo." Asegurando no informe emitido na instrución do expediente que a vía carecía de sinalización que indicase o perigo da focha, e que non hai constancia de que o vehículo implicado infrinxira normas de circulación ou tivera circulado de modo negligente.

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 24/03/2021, dispón que a pesar de que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, e que se descoñece o estado exacto da rúa o día no que se produciu o accidente, pódese afirmar, despois de examinadas as fotografías do atestado policial, **que a focha presenta una entidade considerable supoñendo un obstáculo para a circulación dos vehículos.**

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Porsche, matrícula 4502 LBR, propiedade da entidade IGNACIO GONZÁLEZ MONTES S.L.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/05/2021, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/05/2021, **a XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Sara Castro Gómez, en nome e representación de IGNACIO GONZÁLEZ MONTES S.L., na contía de 650,21 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 500,21 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

18.- REUBICACIÓN CONTENEDORES DE LIXO EN RÚA CLARA CAMPOAMOR (RIBEIRA) - Daniel Fernández Sánchez

Visto o escrito presentado por **Daniel Fernández Sánchez**, de data 24/05/2021 (Rexistro de entrada nº 8.244), no que solicita a reubicación dos contenedores RSU á altura do nº 4 da Rúa Estatuto (Ribeira), debido á súa proximidade a un paso de peóns xa que, polo seu volume, restan visibilidade a peóns e vehículos.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola **Policía Local**, de data 28/05/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Autorizar a reubicación dos citados contenedores RSU, e co fin de dar maior seguridade vial, desprazando os contenedores uns metros, tal e como se indica no citado informe policial e, así mesmo, autorizar o pintado dunha zona excluída ao tráfico mediante marcas viais horizontais antes do paso de peóns, según o sinalado no citado informe policial.

19.- SOLICITUDE DE "PEONALIZACIÓN" DA RÚA IRMANDIÑOS (RIBEIRA) E CREACIÓN DE "ESTACIONAMENTOS RESIDENCIAIS" -COMUNIDADE DE PROPIETARIOS IRMANDIÑOS, 7

Visto o escrito presentado por Asesoría Beny García, S.L. en representación da **Comunidade de Propietarios Irmandiños, 7**, de data 26/05/2021 (Rexistro de entrada nº 8.461), no que propón a peonalización da Rúa Irmandiños e a creación de estacionamentos residenciais.

Visto o informe emitido ao respecto pola **Policía Local**, de data 31/05/2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Denegar a proposta para a peonalización da Rúa Irmandiños e a creación de estacionamentos residenciais, por mor á non existencia dun regulamento municipal para o uso privativo de estacionamento.

20.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 16 DAS BASES "BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021"

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 27/05/2021, relativa á subsanación de parte da redacción do artigo 16 das bases do programa "Bono Concilia Camparibeira Verán 2021", aprobado pola Xunta de Goberno Local na sión celebrada en data 27/05/2021.



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** aprobar a modificación de parte da redacción do artigo 16 das bases do programa “Bono Concilia Camparibeira Verán 2021”, quedando redactado tal como segue:

“Artigo 16. Pagamento

1. Non se abonará cantidade algunha aos solicitantes da axuda, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo total a pagar polo solicitante; a empresa deberá reintegrar ou descontar na súa totalidade dita cantidade ao beneficiario. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de certificación mensual por parte do empresario adherido a este programa de bonos.
2. As empresas e profesionais autónomos que desexen participar deberán adherirse ao programa a través do correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal facilitando os seguintes datos: Nome e apelidos ou denominación social, enderezo fiscal, cif ou nif, IBAN, nome da persoa responsable, epígrafe do IAE que habilite á realización da actividade, custo mensual do/s campamento/s e modalidades que ofrezca e teléfono de contacto e deste xeito consentirán a información das mesmas ás familias beneficiarias para que reclamen os seus servizos co fin de poder aplicarlle as axudas ou bonos; asemade entenderase que reúnen os requisitos especificados nestas bases. En todo caso, o Concello de Ribeira poderá requiririlles calquera documento obrigatorio para a participación deste programa polo que non é necesario a súa presentación no momento da adhesión.
3. Nas certificacións presentadas polas empresas deberán figurar expresamente identificación (nome e DNI/NIE) da persoa solicitante da axuda e do/s neno/s ou nena/s que recibe/n o servizo e os días e horarios nos que se prestou, cos importes individuais do custo do campamento e os importes individuais do BONO concedido a cada beneficiario e o importe total a abonar polo Concello, así como IBAN para a transferencia. Deberá estar dirixida ao Concello de Ribeira e constar que será con cargo ao programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021. O límite máximo para a presentación das certificacións será o 30 de novembro do presente 2021”.

21.- APROBACIÓN PREZOS PÚBLICOS -CURSO DE APNEA

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** presenta pola **Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría**, de data 26/05/2021, no que solicita a aprobación de prezo público para a organización da actividade denominada “Curso de Apnea 2021”.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 26/05/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- A aprobación do **prezo público de 50,00 €** por participante no Curso de Apnea.
- 2.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado



22.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO – RUTA XACOBEO EN BARCO “RIBEIRA FAI CAMIÑO”

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** presentado polo **Concelleiro Delegado de Turismo, Ramón Doval Sampedro**, de data 26/05/2021, no que solicita a aprobación de prezo público para a organización da actividade denominada Ruta Xacobeo en barco “Ribeira fai camiño”.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 25/05/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- A Aprobación dun prezo público de **20,00 €** para adultos desde os 12 anos e **10,00 €** para nenos desde 4 ata 11 anos, os nenos de 0 a 3 anos viaxan **gratis**, en base a Ordenanza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e turístico e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2.

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:10 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 03/06/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/06/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/06/2021 14:47:54

